

# X CARREIRA EXPOURENSE - MEGAXOVE

A **X EDICIÓN DA CARREIRA EXPOURENSE – MEGAXOVE**, organizada polo Club Ourense Atletismo Academia Postal baixo o patrocinio de EXPOURENSE, e que conta co permiso da Federación Galega de Atletismo, terá lugar o **Martes, día 8 de decembro de 2009**, a partires das 11:15 horas da mañá, nas inmediacións dos recintos de Expourense e o Pazo de Deportes Paco Paz. A proba estará suxeita ó seguinte **REGULAMENTO**:

1.- A participación queda aberta a tódolos deportistas interesados, independentemente de que sexan federados ou non. Os federados deberán facilitar na inscrición o seu número de licenza.

2.- Establécense as seguintes **categorías**:

Cativos .....	nad@s en 2003 e con posterioridade
Benxamín .....	nad@s en 2001 e 2002
Alevín .....	nad@s en 1999 e 2000
Infantil .....	nad@s en 1997 e 1998
Cadete .....	nad@s en 1995 e 1996
Xuvenil .....	nad@s en 1993 e 1994
Iúnior .....	nad@s en 1991 e 1992
Promesa – Sénior .....	nad@s entre 1975 e 1990
Veteráns A (homes e mulleres) .....	nad@s entre 1965 e 1974
Veteráns B Homes .....	nados entre 1955 e 1964
Veteráns C Homes .....	nados en 1954 e con anterioridade
Veteráns D Mulleres .....	nadas en 1964 e con anterioridade

3.- A proba estará controlada polo Comité de Xuices da Federación Galega de Atletismo (Delegación en Ourense).

4.- As clasificacións serán individuais para cada categoría, atendendo ó posto na liña de chegada. Na categoría de Cativos nos se establecerá unha clasificación final, e tódolos participantes na mesma recibirán un agasallo ó alcanzar a liña de meta. As clasificacións serán expostas no Stand do Club Ourense Atletismo Academia Postal en Megaxove, tra-la finalización de cada carreira, e na páxina web do Club ó longo da tarde.

5.- Establécense os seguintes premios, que serán acumulativos na carreira absoluta:

- ⇒ Trofeo ós vencedores de cada unha das categorías, e medallas ó segundo e terceiro clasificado
- ⇒ Trofeo ós tres primeiros clasificados da carreira absoluta (Iúnior-Promesa-Senior-Veteráns), homes e mulleres

Tamén haberá agasallos para os participantes.

6.- **INSCRICIÓN**s: as inscricións se poderán realizar ata as 20:00 horas do domingo, 6 de decembro, **NON ADMITÍNDOSE INSCRICIÓN**s PARA A CATEGORÍA ABSOLUTA O

**MESMO DÍA DA CARREIRA**. Para o resto de categorías, se poderán inscribir ata media hora antes da respectiva saída. Se habilitarán os seguintes medios para a inscrición:

- ⇒ Mediante un formulario específico accesible a través da páxina web [www.ourenseatletismo.com](http://www.ourenseatletismo.com)
- ⇒ Remitindo a folia de Excel cuberta que se facilitará na mesma ubicación (equipos)
- ⇒ Na dirección de correo electrónico [ourenseatletismo@ourenseatletismo.com](mailto:ourenseatletismo@ourenseatletismo.com)

7.- A organización e as persoas que interveñen na mesma non se fan cargo dos danos morais ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas podan ocasionar os participantes.

8.- Aqueles aspectos que non contemple o presente Regulamento se resolverán segundo o disposto no da Federación Internacional de Atletismo. Os participantes, polo mero feito de tomar parte na proba, acatan o presente Regulamento.

9.- Horario das probas, percorrido e distancias aproximadas:

11:15 .....	Alevín – Infantil mulleres .....	1 volta G .....	1.200 m.
11:25 .....	Alevín – Infantil homes .....	1 volta P + 1 volta G .....	2.050 m.
11:40 .....	Cadete – Xuvenil mulleres .....	1 volta P + 1 volta G .....	2.050 m.
11:55 .....	Cadete – Xuvenil homes .....	3 voltas G .....	3.600 m.
12:20 .....	Iúnior-Promesa-Sénior-Veteráns .....	5 voltas G .....	6.000 m.
12:55 .....	Benxamín Mixto .....	1 volta P .....	850 m.
13:05 .....	Cativos .....	Mini volta .....	300 m.

13:30 .....

